

**RÁBADE - 24 DE XANEIRO DE 2026 - 16:30 HORAS**

## **XXIII MEMORIAL**

### **EDUARDO FERNÁNDEZ VILLAMARÍN**

Naceu no 1936 e faleceu o 7 de maio de 2003 na súa vila natal de Rábade

Iniciouse no atletismo coa carreira de cross.

Toda a súa carreira deportiva estivo vinculada ao San Fernando de Lugo. Foi unos dos fundadores da Sociedade Atlética Rabadense.

En 1957 foi Campión provincial na categoría rural.

Campión provincial absoluto de campo a través, nos anos 1962, 1964 e 1965 en Lugo.

En 1967. Vencedor novamente do provincial de cross, e do trofeo “José Antonio Elola” na vila de Rábade

En 1959. O “I Campionato de España de Segunda Categoría” celebrado en Madrid, nas pistas da cidade universitaria, o atleta de Rábade, deu ó deporte lucense unha gran alegría ó reflectir un crono de 9’ 37’’ nos 3000 metros obstáculos, sendo en aquel ano 1959, a quinta mellor marca nacional absoluta do ano.

No Campionato Nacional de Clubs de Segunda Categoría, celebrados en Madrid, os días 1 e 2 de setembro de 1962, triunfou por equipos o San Fernando de Lugo.

Gran xesta de Eduardo Fernández, onde gañou os 3000 metros obstáculos, e foi segundo nos 10.000 metros lisos.

Sorprendente, por inesperada, foi a victoria do San Fernando de Lugo ascendendo a 1ª división.

### **REGULAMENTO**

**Art. 1.-** A saída será na Praza de España ás 16:30 h para os rapaces e ás 17:00 h para a categoría absoluta, a recollida de dorsais será na mesma praza de 15:30h a 16:50h

**Art. 2.-** O percorrido será de 6,8 quilómetros e discorrerá dando dúas voltas a un circuito urbano.

**Art. 3.-** A clasificación será absoluta masculina, absoluta feminina e por categorías.

**Art. 4.-** Está prohibido o uso de vehículos de axuda.

**Art. 5.-** Está prohibido correr con carriños de nen@s e con mascotas.

**Art. 6.-** O participante que ó longo do percorrido cometa algunha irregularidade ou chegue á meta sen o seu dorsal será descalificado.

**Art. 7.-** As inscricións para todas as categorías serán ata o xoves 22 de xaneiro na páxina web: [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)

**Art. 8.-** Será obligatoria a utilización do chip de cronometraxe suministrado pola organización excepto para os propietarios do chip amarelo que teñen que utilizar o seu.

**Art. 9.-** Establécense as seguintes categorías:

### CARREIRAS DE RAPACES:

CATEGORÍA MINI: Nad@s en 2022 e posteriores (non competitiva) 80 metros

CATEGORÍA A: Nad@s entre 2018-2021 (Primeira carreira). 600 metros

CATEGORÍA B: Nado@s entre 2014-2017 (Segunda carreira).1.200 metros

CATEGORÍA C: Nad@s 2010-2013 (Terceira carreira).1.800 metros

### CARREIRA ABSOLUTA

D) Nad@s entre 1991/ 2009

E) Nad@s entre 1981/ 1990

F) Nad@s no 1980 e anteriores

### **Art. 10.- PREMIOS PROBA ABSOLUTA**

-Premios económicos clasificación absoluta:

#### CLASIFICACIÓN ABSOLUTA MASCULINA      CLASIFICACIÓN ABSOLUTA FEMININA

|        |       |         |       |
|--------|-------|---------|-------|
| 1..... | 350 € | 1.....  | 350 € |
| 2..... | 250 € | 2.....  | 250 € |
| 3..... | 150 € | 3 ..... | 150 € |

-Trofeos para @s tres primeir@s de cada categoría.

-Premio especial para o primeiro e primeira participantes da proba absoluta que crucen en primeira posición o sprint intermedio situado ao final da primeira volta e rematen entre os 20 primeiros da clasificación xeral correspondente: Dorsal para a Behobia - San Sebastián\* por cortesía de Viajes Almar – JAVO \*O dorsal é persoal e intransferible.

-Trofeo para o primeiro e primeira corredores rabadenses clasificados na proba absoluta por cortesía de Cervecería Ágora

-Trofeo “Eduardo Fernández Villamarín” ao equipo con máis participantes finalizados de toda as categorías masculinas e femininas agás a MINI.

### PREMIOS CARREIRAS DE RAPACES

VALE de 50 € en material deportivo para o primeir@ de cada categoría a canxear en Ndorfina (Lugo).

Trofeo @s tres primeir@s clasificad@s de cada categoría.

**Haberá un agasallo para tódolos participantes de todas as probas.**

**Art. 11.-** Dado o carácter popular da proba non se admitirán reclamacións

**Art. 12.-** Haberá servizo de duchas para @s participantes que o desexen no Pavillón Municipal.

**Art. 13.-** A entrega de premios e trofeos realizarase ao remate da carreira.

**Art. 14.-** Haberá sorteo de agasallos ao remate da entrega de premios.

**Art. 15.-** A comisión organizadora non se fai responsable dos danos morais ou materiais que así mesmo ou a outras persoas ocasionen os participantes desta carreira, nin dos que poidan recibir eles por parte de persoas ou cousas, sen perxuício dos dereitos que lles puideran corresponder ante a compañía aseguradora correspondente.

**Art. 16.-** Tódolos participantes, polo feito de tomar a saída, aceptan o presente regulamento. No caso de dúbida prevalecerá sempre o criterio da organización.